

# CEIP

# FOGAR

Ceip Fogar

## Especial campo a través

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfogarcarballo/>



RESULTADOS  
PROBA  
CARBALLO

CLASIFICADOS  
PARA  
INTERCOMARCAL

RESULTADOS  
PROBA  
INTERCOMARCAL

CLASIFICADOS  
PROBA  
PROVINCIAL

Máis de  
**40**  
FOTOS  
NO INTERIOR





## CARBALLO

04 Índice

05 Editorial

06-07 **Categoría alevín masculino**  
nome e fotos dos corredores

08-09 **Categoría alevín feminino**  
nome e fotos das corredoras.

10-11 **Momentos antes da proba**  
imaxes

12-19 **Categoría infantil masculino.**

12-13 **Sergi,Nico e Marcial.**

14-15 **Alejandro Queijo;  
Gabriel,Fabio e Adrián.**

16-17 **Jonathan**

18-19 **Renzo;Andrés Urbieta e  
Pedro Pereira**

20-21 **Categoría infantil feminino**

## INTERCOMARCAL

22-23 **Categoría alevín feminino**  
Blanca .

24-25 **Categoría infantil feminino**  
Ana e Noa

26-27 **Categoría infantil masculino**  
Marcial, Nico e sergi.

## PROVINCIAL

28-29 **Categoría infantil feminino**  
Ana



# editorial

O día 17 de xaneiro de 2013 celebrouse en Carballo a competición de campo a través escolar que organiza o concello de Carballo e o Patronato deportivo municipal.

Como tódolos anos os alumnos e alumnas do ceip Fogar participaron de forma voluntaria na mesma e nestas páxinas imos amosar moitas das fotos que se poideron sacar nas diferentes probas que se correron.

Lamentablemente a maioría das fotos non teñen moi boa calidade pero esperamos que bos gusten igualmente.

Graciñas rapaces pola vosa colaboración.







Non hai fotos da carreira dos rapaces que correron nesta categoría.

Pero aquí temos algunha deles no colexio Fogar.

Dende arriba e de esquerda a dereita: Gustavo, Álex Pereiro e Álex Varela; Braian ;Danel,Álex e Braian xuntos e abaixo á dereita Álex Varela.



## PARTICIPANTES CATEGORÍA ALEVÍN MASCULINO CAMPO DAS EIROAS

Faltan aquí as imaxes de Alejandro Gómez ,que quedou sexto na categoría,e Rubén López.



Dende arriba e de esquerda a dereita: Brais, Daniel, Gustavo, Álex Orgueira, Alejandro Pereiro,Alejandro Facal e Álex Sueiro.



# Alevín

FEMININO

Abaixo: Andrea Fuentes, á dereita Blanca, Marta e Carmen. Debaixo delas Blanca e Ainhoa. Abaixo e debaixo do texto están Clara e Helena. Na páxina seguinte, arriba compoñentes do equipo alevín masculino e feminino e debaixo destes están Daniela, Clara e Blanca.



## CATEGORÍA ALEVÍN FEMININO

Faltan nas imaxes, Carlota e Andrea Castiñeiras







Arriba á esquerda: os rapaces da categoría infantil prepáranse para saír.

Arriba á dereita: As alumnas de sexto comentando entre elas algo divertido. Sintíndoo moito, non hai fotos delas durante a carreira pero conseguiron a portada.

Abaixo á dereita: As mesmas atletas collendo a posición xusto antes da saída.



Arriba: momento previo á saída na que se pode ver a algúns dos alumnos do ceip Fogar. Pódese ver a Marcial, Nico, Gustavo, Pedro, Sergi, Álex, Adrián, Jonathan e Álex Orgueira.

Á dereita vemos a Berta e a Ana colocándose os dorsais e falando coas súas compañeiras.

Abaixo: imaxe do circuíto no campo das Eiroas.





# Infantil

## MASCULINO

Bonita loita que se repetiría no intercomarcal



## MELLORES MOMENTOS DE **SERGI, NICO E MARCIAL**



## A LOITA DUROU ATA O FINAL DA CARREIRA





À esquerda: Gabriel esforçando-se por manter a posição até a entrada na meta.

À direita: Gustavo e Adrián controlando aos seus rivais.

Alejandro Queijo nunhas bonitas imaxes adiantando a outro atleta






# JONATHAN OFRECE UNOS MOMENTOS ESPECTACULARES



Preciosa imaxe na que Jonathan dá o máximo de si mesmo



NESTAS NOVE IMAXES PODEMOS VER  
COMO JONATHAN LOITA POLA SÚA POSICIÓN  
CON OUTRO ATLETA QUE NON  
LLO PON NADA FÁCIL..  
IMPRESIONANTE!

//  
*Tranquilos,  
finalmente  
todo terminou  
ben"*





Varias fotos nas que se ven as ganas que pon Renzo para irse dun dos seus competidores. Da gusto ver como se esforzan os nosos rapaces e rapazas polo simple feito de participar.



Na foto da esquerda vemos a Andrés Urbietta controlando aos seus rivais. Na imaxe dabaixo: Andrés ,pleno de forzas, dá un cambio de ritmo que os deixa atrás. Aínda adiantaría a máis competidores moi cerca da chegada.



Imaxes de Pedro Pereira preto da meta. Apréciase a súa técnica de carreira.



**NINGUÉN  
QUE COÑEZA  
A ANDRÉS  
ESPERARÍA  
MENOS DEL**

## PEDRO PEREIRA

*De Carballo ao intercomarcal*

Nestas imaxes podemos ver unhas bonitas fotos de Pedro adiantando a algúns dos seus rivais na última volta da proba. A súa boa posición en Carballo permitiulle acudir á fase intercomarcal celebrada posteriormente en Culleredo.





# ANA GARCÍA CAMPIONA NA CATEGORÍA INFANTIL FEMININO



*Ana sorrindo coa súa  
merecida medalla  
entre as mans "*

Gran carreira de Ana na proba de Carballo na que quedou primeira diante de moitas rapazas que lle levaban un ano.

Hai que recordar que a nosa compañeira é infantil de primeiro ano ao igual que : Noa, Ana Aldao, Berta e Noelia.

Tódas elas fixeron unha espléndida carreira na proba de carballo.

ANA CONTRO-

LOU ÁS SÚAS RIVAIS

DENDE AS

ÚLTIMAS POSICIÓNS





## INTERCOMARCAL

ALEVÍN FEMININO

BLANCA  
BARCA

**N**a categoría alevín feminino participou Blanca Barca Expósito quen tivo que recorrer unha distancia de 800 metros nun circuíto moi complicado dado que estaba esvaradío e en malas condicións debido á choiva caída durante a semana anterior.

Blanca saíu a un ritmo cómodo sen perder distancia co grupo de adiante e pouco a pouco foi adiantando ás súas rivais. Na metade da carreira xa estaba entre as quince primeiras e a partir de aí loitou ata o final terminando cun sprint impresionante que case lle permite clasificarse para a fase provincial.

Terminou nunha excepcional undécima posición a tan só tres postos da oitava praza que daba dereito a correr o provincial. Parecía máis unha atleta que unha xogadora do equipo alevín de volei Xiria.

UN DEZ PARA BLANCA!



DE ESQUERDA A DEREITA: ÁLEX SUEIRO, BLANCA, MARTA, CARMEN E ORGUEIRA



BLANCA BARCA



BLANCA E MARTA NO COLE



## INTERCOMARCAL

INFANTIL FEMININO

ANA GARCÍA  
NOA GARCÍA

**P**ara esta fase clasificáronse na categoría individual **Ana García e Noa García**. Fixeron unha carreira impresionante quedando en quinta e novena posición respectivamente.

As dúas alumnas do Ceip Fogar utilizaron estratexias distintas con moi bo resultados para ámbalas dúas. Ana saíu a un ritmo máis ben lento que lle permitiu controlar as atletas de cabeza dende a metade do grupo. Sen embargo, Noa saíu dende o primeiro momento co grupo de adiante loitando en todo momento cas mellores corredoras e non abandonou esta posición en toda a carreira. Pasadas as tres cuartos partes do percorrido Ana, Noa e o resto de atletas ofrecéronnos un final emo-

cionantísimo. Especialmente Noa, que estivo a uns segundos tan só de clasificarse para a seguinte fase. Ana pola súa banda, como xa nos ven acostumando nos últimos anos, terminou na quinta posición que lle deu a opción de participar no campionato provincial de campo a través.

As estratexias foron perfectas como o amosan os resultados. Un carreirón, en definitiva, que fixo que Blanca, Toni e o equipo infantil masculino non paráramos de animar ata o último momento.

BRAVO POR ELAS!



Aquí vemos a Noa cos seus amigos e amigas no pavillón do colexio. Con este equipo formado por :Marta,Noa,Claudia, Carla, Nico, Marcial e Jorge; case se clasifican para as semifinais do campionato de fútbol que se está a celebrar nos recreos.

Como se ve Noa dálle a todo: Volei, fútbol, campo a traves...



NOA GARCÍA



ANA GARCÍA



**INTERCOMARCAL****INFANTIL MASCULINO****MARCIAL, SERGI E NICO OUTRA VEZ**

UNHA VEZ MÁIS NOS OFRECERON

UNHA DEMOSTRACIÓN DE CONTROL

DO SEU PROPIO CORPO E DA SÚA CA-

PACIDADE DE AGUANTE ANTE UN ES-

FORZO FÍSICO MOI INTENSO E ANTE

RIVAIS DE DIFERENTES COLEXIOS E

CLUBES DALGUNHAS DAS COMARCAS

DA CORUÑA.



**C**lasificáronse para esta proba seis rapaces do colexio Fogar pero debido a diversas razóns só catro atletas puideron ir: Sergi Viaño Lage, Marcial Sande García, Nicolás Barros Lista e Pedro Pereira Rodríguez. Os catro fixeron unha boísima carreira.

Pedro adoitou unha actitude conservadora sabendo que había corredores de clubs de atletismo e mantivo o seu ritmo durante toda a carreira. Rematou cun bonito sprint. Sergi, Nico e Marcial saíron practicamente ao mesmo ritmo e fóronse controlando durante case toda a carreira. Como xa amosaron en Carballo( ver imaxes da carreira de infantís

celebrada en Carballo) foron moi preto uns doutros, marcándose en todo momento, o cal fixo que inconscientemente tiraran entre si.

Na última parte da carreira foron quen de adiantar a bastantes corredores e de chegar á meta ofrecéndonos uns sprints espectaculares.

**BRAVO NENOS!**



# CAMPIONATO PROVINCIAL 2013 INFANTIL FEMININO CULLEREDO

## ANA GARCÍA VOLVE A CONSEGUILO

Por segundo ano consecutivo a alumna do Fogar ANA GARCÍA clasificouse para disputar o campionato provincial de campo a través que tivo lugar en Culleredo.

Como non podía ser doutra maneira fixo unha carreira intelixentísima e conseguiu quedar na vixésima posición. Hai que ter en conta que nesta ocasión participaban bastantes clubs de atletismo de toda a provincia, xunto cos mellores

corredores da nosa comarca (faltaban algúns máis dos nosos e nosas alumnas pero por segundos non poido ser).

Aquí van algunhas imaxes do día da carreira.

**NORABOA ANA.**



Arriba: na primeira volta da proba e abaixo: momentos do quecemento



Ana observando o circuito polo que tería que correr pouco despois



Ana nos momentos finais da proba